

ELECCIÓN XULLO 2023

- OFICINA DO CENSO ELECTORAL -

SOLICITUDE DE VOTO POR CORREO – HOJA AUXILIAR

O impreso que se xuntou a esta folla auxiliar é o modelo de solicitude que o/a elector/a deberá cubrir para obter da Delegación Provincial da oficina do Censo Electoral que corresponda, o certificado de inscrición no censo electoral e pór en marcha desta maneira o procedemento para poder emitir o seu voto por correo nas eleccións que terán lugar o próximo día **23 de xullo**.

¿QUÉN PODE VOTAR POR CORREO?

Poden votar por correo os electores que prevexan que na data da votación non se encontrarán na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto.

Os electores residentes no estranxeiro que se encontren temporalmente en España, poden solicitar o envío da documentación para o voto por correo a un domicilio en España, para o cal deben cumprimentar a solicitude de voto por correo anotando unha "x" no punto "Residente no estranxeiro".

Tamén poden votar por correo os electores que, por enfermidade ou incapacidade física, non se poden comparecer no lugar da votación.

Unha vez realizada a solicitude do voto por correo, de resultar aceptada, non poderá votar persoalmente.

PROCEDEMENTO PARA VOTAR POR CORREO:

A. SOLICITUDE

A solicitude débese formular persoalmente polos/as interesados/as.

A solicitude e o sobre de remisión deberán dirixirse á provincia onde figura inscrito/a no censo electoral.

En caso de enfermidade ou incapacidade (que se deberá acreditar por medio de certificación médica oficial) a solicitude pode ser efectuada en nome do elector por persoa autorizada notarial ou consularmente, mediante documento que se estenderá individualmente en relación con cada elector/a e sen que nel se poida incluír a varios electores/as, nin unha mesma persoa representar máis dun elector/a (o/a elector/a ten dereito a que estes documentos sexan estendidos de forma **gratuíta**). Nestes casos a solicitude deberá ser asinada polo/a representante.

A certificación médica e a autorización deberanse incluír no sobre de remisión xunto á solicitude.

B. LUGAR DE PRESENTACIÓN

A solicitude deberá cubri-la, asinala e presentala en calquera **oficina de correos de España**. O/A empregado/a encargado/a de recibila pedirá ao/á interesado/a a exhibición do seu Documento de Identidade e comprobará a coincidencia da sinatura. En ningún caso se admitirá fotocopia.

Non será válido o envío por correo ordinario.

C. PRAZO PARA SOLICITAR O VOTO POR CORREO

Pódese solicitar a partir da data de convocatoria e ata o décimo día anterior ao da votación (**13 de xullo**).

Non obstante, se Vd. pensa exercer o seu dereito de voto por correo, non espere a última hora. **Formule a solicitude o antes posible.**

D. ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN PARA O VOTO POR CORREO

A Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente realizará os envíos da documentación necesaria para o voto por correo a partir do día 3 de xullo. O envío farase ao domicilio indicado por Vd. na solicitude e ao seu nome.

O aviso de recibimento acreditativo da recepción da citada documentación deberá ser asinado persoalmente polo/a interesado/a, trala acreditación da súa identidade.

E. PRAZO PARA REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

O voto débese remitir por correo certificado non máis tarde do día 19 de xullo.